

# **CONCELLO DE PONTEAREAS**

## **CRITERIOS DO V CONCURSO DE KARAOKE**

### **“Festas de Setembro”**

#### **1.- Participación**

O Concello de Ponteareas, xunto coa colaboración de Karaoke Vox, organiza o V Concurso de Karaoke “Festas de setembro”.

1.1- A participación no concurso de karaoke é libre e de balde.

1.2- Establécense 2 categorías: adultos (maiores de 16 anos) e xuvenil (de 07 a 16 anos).

1.3- Na categoría de adultos, poderán participar os interesados a título individual ou en grupo, cun máximo de tres compoñentes, que previamente teñan superado a fase de clasificación que terán lugar os días, 13 e 20 de setembro no karaoke Vox. A final do V Concurso de Karaoke de maiores terá lugar o día 24 de setembro a partir das 19:00 horas, adultos na Praza Maior. En caso de mal tempo trasladaríase ao auditorio Municipal

1.4- O concurso de karaoke xuvenil non contará con fase de clasificación e iniciarase ás 17:00 horas do día 24 de setembro na praza maior. Os interesados poderán inscribirse ata o sábado día 23 ás 20,00 h, no modelo que se facilitará xunto coa autorización que debe estar asinada polos pais ou titores legais.

1.5- O número máximo de participantes no apartado xuvenil será de 25 e no apartado de adultos será de 20.

#### **2.- Inscripción**

2.1- Para a categoría de adulto, a inscrición pode realizarse no departamento de Cultura do Concello de Ponteareas ou en karaoke Vox ata o 19 de setembro.

2.2- Na categoría xuvenil, poden recoller a inscrición e a autorización que deben asinar os pais ou titores legais no departamento de cultura, ou no Karaoke Vox, onde poderán presentala ata o día 23 de setembro ás 20,00 h.

#### **3.- Actuación**

3.1- A canción entregaráselle a organización o día da preselección de participantes que terá lugar no karaoke Vox. Na categoría infantil farán chegar ata o 23 de setembro as cancións en pendrive

#### **4.- Xurado**

4.1- O xurado estará formado por un grupo de entre 3 a 5 persoas que decidirán os gañadores dos premios deste V Concurso de Karaoke “Festas de Setembro”. Establécense dúas categorías: adultos (maiores de 16 anos), xuvenil (de 07 a 16 anos).

4.2- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta de acordo co criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases e a renuncia expresa dos participantes a interpoñer reclamación algunha.

## 5.- Premios

5.1-O Concello de Pontareas concederá no V Concurso de Karaoke “Festas de Setembro” os seguintes premios:

### *Adultos:*

1º premio: Trofeo e un bono para dúas persoas para pazo da auga + cea.

2º premio: Trofeo + xantar ou cea para dúas persoas nun establecemento hosteleiro da localidade

3º premio: Trofeo + Diploma acreditativo

### *Xuvenil:*

1º premio: Tablet

2º premio: Lote de Libros

3º premio: Trofeo + Diploma acreditativo

Pontareas, 7 setembro de 2017.